

Idade media da poboación

Resumo de resultados 03/02/2025

ÍNDICE

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización

1

Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización.....

2


Definicións, fontes e máis información.....

3

ZDP: Zona densamente poboada; **ZIP:** Zona intermedia; **ZPP:** Zona pouco poboada

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización

Idade media da poboación segundo o grao de urbanización. Información para Galicia e provincias.
Ano 2024



	2003				2024			
	Total	ZDP	ZIP	ZPP	Total	ZDP	ZIP	ZPP
Galicia	43,2	41,6	40,7	47,6	48,4	47,3	46,7	52,2
• A Coruña	42,8	42,7	40,8	45,4	48,0	47,6	46,5	51,0
• Lugo	46,7	41,9	44,7	49,9	50,5	46,5	48,8	54,4
• Ourense	47,0	42,3	42,0	51,5	51,3	48,2	47,9	55,2
• Pontevedra	40,9	40,2	39,7	45,1	47,1	46,8	46,4	49,8

Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización

Idade media da poboación segundo o subgrao de urbanización. Galicia


A zona máis rural de Galicia (ZPP) é a que presenta unha poboación máis envellecida, cunha media de idade no ano 2024 de 52,2 anos. Nas provincias de Lugo e Ourense, que teñen unha poboación máis envellecida que A Coruña e Pontevedra, a idade media da ZPP supera os 54 anos.

No outro extremo sitúase a zona intermedia, na que se atopa a poboación máis nova e na que, polo tanto, a idade media acada os valores máis baixos, tanto en Galicia como en case todas as provincias. Lugo é a única provincia onde a ZDP ten unha idade media inferior á da ZIP. No ano 2024, a idade media da poboación galega na ZIP é case 6 anos inferior á da ZPP.

No período 2003-2024 a idade media da poboación galega incrementouse en todas as subzonas establecidas polo subgrao de urbanización. A ZIP alta, cunha idade media de 46,5 anos no ano 2024 configúrase como a subzona máis nova de Galicia; pola contra a ZPP baixa, subzona máis rural de Galicia, cunha idade media de 54,3 anos no mesmo período, constitúe a subzona con maior nivel de envellecemento.

	2003	2024
Total	43,2	48,4
ZDP	41,6	47,3
ZIP alta	40,3	46,5
ZIP baixa	42,0	47,7
ZPP alta	44,3	48,8
ZPP intermedia	45,8	51,5
ZPP baixa	49,5	54,3

Idade media da poboación segundo o subgrao de urbanización. Galicia. Anos 2003 e 2024



Definicións, fontes e máis información

Definicións

Idade media da poboación: É a media aritmética da variable idade agrupada en idades simples.

Descarga de datos

- [Idade media da poboación segundo sexo e grao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2002)
- [Idade media da poboación segundo sexo e subgrao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2002)

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir de IGE. Cifras poboacionais de referencia